

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 26 DE AGOSTO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de agosto de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Fernanda Montero Carré, secretaria accidental da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA

E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño e sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño e sesión ordinaria de 29 de xullo de 2008.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que desexa facer certas matizacións respecto das dúas comisións ordinarias, en concreto, respecto dos debates producidos en temas de servizos sociais, nos que lle parece que non se transcribiron debidamente algúns aspectos.

En primeiro lugar, na acta de 24 de xuño, en concreto, na páxina 3, parágrafo final, quere facer constar que, cando se debate a modificación de crédito, en referencia ao convenio con APEM, parécelle que o debate non foi tal e como se transcribiu, senón que foi trala votación cando a concelleira de Asuntos Sociais comentou que a rebaixa nas partidas se realizou por

orde dela, tralo cal abriuse un novo debate. Por iso, se ben non é o su desexo transcribir as palabras ditas por outra persoa, solicita que se revisen as notas relativas á acta de 24 de xuño, co fin de adaptar a redacción segundo espuxo.

Di que algo similar ocorre na acta de data 29 de xullo, páxina 13, no debate relativo ao reparto de alimentos e aceite, na pregunta dúas, onde non se fai constar unha explicación que ofreceu a concelleira de Asuntos Sociais, na que menciona á empresa Bunge. Se len a acta toda seguida, dedúcese que a concelleira contesta, e que el replica, pero o conxunto non ten sentido, ao non constar na acta a explicación anterior, se non se lembra o que dixo a concelleira de Asuntos Sociais.

Conclúe dicindo que, dado que estas circunstancias xa ocorreron outras veces, solicita que, ao igual que se fai cos plenos, se graven tamén as sesións das comisións informativas, aínda que logo se extracten para a súa constancia escrita, pois iso permitiría supervisar as discrepancias que se poidan producir.

Feitas estas matizacións, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10592 o 22 de agosto actual.

1º Rogamos se nos informe do estado en que se atopa a retirada do garaxe que invade a beirarrúa na estrada que une O Temple con Cambre.

Contesta o Sr. alcalde que se mandou un informe cunha valoración á Deputación, para que se fixera a tramitación do expediente de expropiación. Agora van retomar o tema en setembro, cando o Sr. Berrocal volva de vacacións, para que a Deputación inicie a expropiación. Di que se tiña feito unha valoración, pero que o propietario quería negociar o prezo xusto cunha diferenza moi grande, pedía un piso e un garaxe, ou algo así.

2º En numerosos lugares do Concello de Cambre hai unha deficiente recepción do sinal de TDT. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe sobre as causas desta situación e sobre se se está facendo algo dende o noso concello para solucionalo.

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, que consultados os servizos técnicos municipais, dixeron que non hai constancia de que esta deficiencia exista.

Parece que non hai unha reclamación formal. Non obstante, dado que a información parte de datos obxectivos, deuse aviso aos servizos técnicos para que realicen as actuacións pertinentes.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que cren que o problema está entre Retevisión e Culleredo, que non se poñen de acordo co mantemento. Parece que Retevisión non activa o sinal, e iso afecta a Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que non o discute, pero insiste en que non hai constancia formal. Por iso, déronse as instrucións para que se comprobe.

O Sr. alcalde pregunta a que zona afecta, e don Felipe Andreu Barallobre contesta que é en xeral.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, comenta que unha parte de Cambre colle a recepción de Ferrol.

O Sr. Andreu Barallobre dille que o conflito é, en concreto, respecto da recepción de Monte Xalo.

3º Rogamos se nos informe sobre o estado no que se atopa o procedemento penal aberto a raíz da contratación ilegal de cinco auxiliares administrativos no noso concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que, en primeiro lugar, non consta que haxa un proceso penal aberto, e en segundo lugar non consta tampouco que exista ningunha contratación ilegal. Respecto da situación do expediente xudicial, non saben como está, porque dende que se remitiu o expediente á fiscalía non saben que teña habido máis actuacións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que hai dilixencias previas abertas, polo que queren saber se o concello se vai persoar. Di que incluso sabe que hai algún veciño persoado na causa, na cal están en risco antecedentes penais dalgúns funcionarios, polo que lle gustaría coñecer a postura do concello.

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor que cando se saiba se se abriu a causa, se actuará.

O Sr. alcalde explica que non se notificou que se teña aberto causa penal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, se a pregunta do Sr. Andreu é respecto do PINCA, xa se contestou o requirimento do xulgado n.º 5 respecto de por que non se lle dera audiencia, dicindo que era por acumulación de trámites administrativos en Secretaría, pero que xa se lle deu vista do expediente ao Sr. Suárez.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10616 o 23 de agosto actual.

1ª Sobre o estado das contratacións en curso. Dado o tempo transcorrido desde o inicio dos diferentes procedementos, solicitamos que se informe da situación dos expedientes de contratación iniciados, sobre todo os referidos aos servizos municipais.

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, que os expedientes de limpeza, iluminación e zonas verdes, aos que cren que se refire a pregunta, evidentemente xa pasou tempo suficiente como para que estivesen resoltos. Fixéronse xa os informes-proposta tanto do servizo de iluminación, como do mantemento de xardíns e de limpeza, se ben, ante a petición lexítima do membro do PP na Mesa de Contratación, de que se visasen os informes polo xefe de sección, se lle remitiron estes ao Sr. Souto, para que os valore e emita a súa proposta definitiva. O atraso vén, por outra parte, pola acumulación de tarefas, e como segunda causa pola petición do visado por revisión do xefe da sección de Servizos. Por outra parte, di que o enxeñeiro pediu que se habilite unha comisión técnica, cos tres técnicos máis a responsable de Contratación adscrita a Secretaría, para que se formule unha revisión conxunta.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lle parece entrever das palabras do Sr. Varela que o atraso é culpa do PP, quen solicitou a revisión dos informes.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que non é así, senón que, como quedou constancia, dixo que esa petición é perfectamente lexítima.

2ª Sobre a contratación do servizo municipal de mantemento da subministración de auga e do saneamento. Solicitamos que se informe da previsión de sacar a contratación este servizo municipal e de cal é o motivo do atraso.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, responde que, entre as previsións que se manifestaron estaba a licitación deste servizo, pero o persoal de contratación é o que é, o de servizos xerais é o que é, polo que, se ben a previsión política é a

mesma, están pendentes de que se axilice o demais para iniciar o expediente da subministración da auga.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, pregunta se a interpretación é que, unha vez se desatasquen os expedientes dos anteriores servizos, se contratará a auga, e o Sr. Varela Tejedor contesta que así é.

3ª Sobre a contratación da limpeza nos edificios municipais. Ten constancia o goberno municipal de que as medicións que figuran no prego de contratación deste servizo municipal contan coa supervisión técnica necesaria e, polo tanto, co rigor preciso para a correcta valoración das ofertas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que o prego técnico o fixeron os técnicos municipais, que actúan con rigor. Ademais, someteuse á Mesa de Contratación, a información pública dende o 23 de abril ao 3 de maio, e na páxina web estivo a disposición dos interesados ata o 6 de xuño, sen que ninguén presentase reclamacións. Ademais, di que a licitación se publicou no BOP, DOG, BOE e DOUE. Polo que, se os técnicos elaboraron os pregos, os valoraron e non se fixo ningún reparo, deben entender que son correctos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que a pregunta se formula porque a eles, revisados algúns datos, parécelles que poden ser incorrectos. En concreto, na páxina 43, chamoulles a atención que pon que o parvulario de Aián ten 467 m² en interior e 91 m² de cristal, o que, dado que coñecen a instalación, failles xurdir unha dúbida razoable.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que o erro pode existir, polo que se toma nota desa apreciación. Non obstante, informáronlle de que a medición se fixo cun metro óptico dixital, polo que pode que o erro estea simplemente na colocación da coma, pero se é así, os erros están para corrixirse.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que cre que é unha diferenza importante á hora de pagar o prezo, ao que o Sr. Varela lle pregunta se comprobou se ese erro subsiste no total da superficie, respondendo o Sr. Iglesias que non.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, intervén para manifestar que, se o PP solicitou a supervisión polos xefes da área, é precisamente para evitar todo isto.

Don Francisco Javier Varela Tejedor sinala que os xefes de área, de ordinario, xa deben comprobar o traballo dos seus subordinados, non obstante, dado que o Sr. Iglesias solicita que se tome nota, pasarán o aviso pertinente ao departamento para supervisar.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10614 o 23 de agosto de 2008.

1ª Nun rogo na comisión informativa correspondente, solicitaba o noso grupo que se nos facilitara o informe anual dos servizos da Policía Local do ano 2007.

Existe algún motivo para non entregarnos dito informe?

O Sr. alcalde responde que o informe está feito, pero parece que quen quedou encargado da rede de sumidoiros foi Amigo, que neste momento está de vacacións, e como queren entregarllo cunha boa presentación, están agardando á súa volta. Non obstante se o queren tal e como está, se lles pode entregar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que, á altura á que están, xa se lles podería ter dado.

O Sr. alcalde responde que a primeiros de setembro se lles entregará.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño e sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño e sesión ordinaria de 29 de xullo de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 10591 o 22 de agosto de 2008.

1º Numerosos usuarios do colexio de Sigrás manifestáronnos a necesidade de sinalar debidamente o lugar no que se atopa, xa que os novos veciños non logran atopalo porque se encontra na parte de arriba da estrada. Rogamos se sinalice debidamente a situación do colexio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que no pleno presentarán unha moción sobre este tema.

O Sr. alcalde contesta que se poñerá.

2º No lugar dos Campóns existe unha casa abandonada que está totalmente rodeada de maleza. Esta maleza está cubrindo os peches dos terreos lindeiros polo que os veciños afectados manifestáronnos o seu malestar. Solicitamos se tomen as medidas necesarias para evitar esta situación.

O Sr. alcalde pregunta a que casa é á que se refire a pregunta.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, contesta que é unha de tres pisos que está en construción, meténdose polo camiño do viveiro.

O Sr. alcalde di que aquilo é unha selva.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), expón que habería que evitar que a xente poida caerse.

O Sr. alcalde manifesta que, probablemente, o máis efectivo sexa valar a zona. Por tanto, vai intentar falar coa empresa para que vale.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que quizais a maleza habería que curtala, ou obrigar aos veciños a facelo.

3º Rogamos se nos informe do estado no que se atopa o contrato de limpeza de viais municipais e de que métodos utiliza o concello para comprobar a súa execución.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que o contrato asinouuse o 8 de xaneiro de 2007 coa empresa “Emprego Social, S.L.”, por un prazo de sete anos, prorrogables ata dez. Di que tal e como sinala o prego, o control efectúase polos

servizos técnicos municipais, ben de oficio ou a instancia de parte, e establécense penalidades para o caso de incumprimento.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que formularon esta pregunta porque, no Espírito Santo, non pasaron a limpar dende o ano 2007, polo que, se non cumpren co contrato, deberíaselles penalizar, para evitar que cobren por algo que non fan. Pode afirmar que non se pasaron a limpar nin en 2007 nin en 2008, nin en horario diurno nin nocturno.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10616 o 23 de agosto actual.

1ª Mantemento do parque das Gamelas en Anceis. No pasado pleno, o grupo municipal do BNG interesouse polo estado de abandono e falta de mantemento do parque das Gamelas en Anceis. Estamos chegando ao remate do verán e non se realizou labor ningún en dito parque.

Ten o goberno municipal previsto o mantemento deste parque?

O Sr. alcalde contesta que este tema xa está ordenado, e no contrato de limpeza estará previsto, para que se limpe todos os anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que é un problema que se solucionaríase facendo limpeza de vez en cando, xa que hai lixo acumulado e non custa traballo facer unha pequena limpeza pola brigada.

O Sr. alcalde contesta que o mandará facer.

2ª Insalubridade no parque infantil do Campo da Feira. Ademais da necesaria adaptación á normativa de seguridade vixente, o parque infantil do Campo da Feira ten un, pensamos, grave problema de insalubridade. Contra o seu valado depositáanse contedores de lixo de forma permanente ademais de servizos públicos portátiles. Desde o grupo municipal do BNG entendemos, atendendo ás demandas de cantidade de usuarios que utilizan este recinto, que estes contedores e servizos públicos deberían apartarse das inmediacións do parque, velando por unhas condicións de salubridade para os nosos nenos e nenas. Polo que preguntamos ao goberno local:

Se teñen contemplado un cambio de situación na colocación dos servizos públicos e dos contedores de lixo do parque infantil.

O Sr. alcalde contesta que se están facendo xestións para, onde aparcan os coches, facer un peche de madeira e metelos na esquina, que non quede moi lonxe do parque.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, reconece que o Campo da Feira é un lugar complicado.

O Sr. alcalde di que antes estaban fronte a “Casa Porto”, pero que os propietarios do negocio protestaron, e no parque infantil tampouco poden poñelos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que aos contedores de lixo pode facérselles outro sitio, por exemplo, poderían quedarse onde se puxeron durante as festas.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que lle parece que cun ou dous contedores sería suficiente, aínda que é certo que nos días de feira fan falta máis.

3^a Paralización das obras en marcha no Temple. Solicitamos que se informe sobre o estado das obras da praza Manuel Murguía e da súa paralización. Que se está a facer por parte do goberno local para axilizar a execución dos traballos?

O Sr. alcalde contesta que é certo que a obra estivo parada, pero a enxeñeira lles dixo que se reanudarían as obras mañá mesmo. Di que o motivo do parón ten que ver co plan de seguridade e saúde, porque había unha mala interpretación de como desenvolver a obra. Pedíuse a Gas Galicia que completase o informe do trazado. Explica que a semana pasada houbo unha reunión na que se concretaron as cousas, e que mañá se empeza de novo. De todos modos, di que se o desexan, pode pedirilles o plan de traballo.

Abandona o salón de sesións a voceira do PP, dona M^a Jesús González Roel, cando son as vinte horas e trinta e cinco minutos.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10614 o 23 de agosto actual.

1^a Na Comisión Informativa de Obras e Servizos do pasado mes de xuño, o noso grupo solicitaba que coa maior urxencia se dotara de pasos de peóns a estrada CP-1706, nas inmediacións dos lugares de acceso aos núcleos de poboación de Amil e Toural.

Que medidas ten adoptado, ou ten pensado adoptar o goberno local, para garantir a seguridade das persoas que diariamente cruzan a estrada sen ningún tipo de seguridade?

Cales foron as xestións realizadas despois de transcorrido máis dun mes da petición do noso grupo, e da solicitude dos propios veciños/as que presentaron máis de cen sinaturas no rexistro do concello o pasado 21 de xullo?

O Sr. alcalde responde que se fixo unha xestión coa Deputación, porque falárono do cruzamento Toural-Amil, pero cre que é máis interesante a opción de arriba. Parece que na zona que sae do Toural, a estrada ten un pequeno peralte e non se ve á xente ata que están en medio, por iso quere achegalo ás Travesas, que hai máis visibilidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que efectivamente hai un peralte, pero que na zona onde vive Moncho non debe haber dificultade, e ademais é máis urxente a de abaixo, porque sempre hai xente agardando e xa houbo varios accidentes, algúns con consecuencias graves. Di que agora é o momento de facelo, porque están pintando, e poden aproveitar.

O Sr. alcalde di que mañá mesmo se fará a xestión coa Deputación.

2ª En relación co escrito remitido pola Dirección Xeral de Ferrocarrís, sobre o estado do expediente do “Estudo informativo do eixe atlántico de alta velocidade. Tramo A Coruña-Betanzos (A Coruña).

Emitiu o goberno local algún tipo de contestación en relación co asunto, tendo en conta que no pleno ordinario do mes de marzo, se aprobou unha moción por unanimidade presentada polo grupo municipal de EU-IU, que entre outros puntos contemplaba o “declarar a Cambre como concello libre do Tren de Alta Velocidade”?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que se trata de dous expedientes diferentes. Ao que contesta a Dirección Xeral de Ferrocarrís é ao estudo informativo existente. Respecto da moción do pleno, trasladouse á Ministra de Fomento e, tendo en conta que houbo un proceso electoral por medio, cre que isto influíu para que aínda non contestaran. Di que retomará a cuestión unha vez que pase o período vacacional.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita que o que se faga sexa consonte coa moción.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o será, pero tendo en conta que os trámites xa se fixeron con anterioridade.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que viu na prensa que o concello se felicitaba por este tema, cando aí, o que impera é dicir que Cambre se manifestou contra a presenza do AVE no sentido da moción presentada.

O Sr. Varela Tejedor di que está de acordo, e que ao fio disto, e en relación co último pleno, sobre o tren de proximidade, o alcalde remitiu ao Ministerio de Fomento, á Xunta e a Renfe, unha carta solicitando que se incrementen as frecuencias do tren de proximidade, aproveitando as infraestruturas actuais.

3ª Na rúa Otero Pedraio, na parroquia do Temple, exactamente á altura dos números 20 e 22, existen dende hai bastante tempo dous postes de madeira no medio da beirarrúa, impedindo unha boa circulación de peóns por esa beirarrúa supoñendo un risco para eles.

Así mesmo, tamén no mesmo lugar, existe un tramo de cableado que non está debidamente ancorado ás fachadas do inmovible, e incluso nalgún tramo atópase directamente sobre a beirarrúa co perigo que supón para as persoas.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Ten coñecemento o grupo de goberno desta situación, e se é así, que medidas se teñen tomado co fin de arranxar a situación?

O Sr. alcalde contesta que leva tempo. Di que recentemente se solicitou a Fenosa que o corrixa, porque o problema ven dunha obra de atrás, de hai sete ou oito anos. Agarda que estea en vías de solución.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que o máis inmediato é ancorar o cableado, que está atravesando un negocio, e non é complicado de arranxar.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño, sesión extraordinaria do día 29 de xullo, e sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de xuño, sesión extraordinaria do día 29 de xullo, e sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Aprobación, se procede das bases das bolsas de estudo para o curso 2008-2009

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de agosto actual.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Cultura e Deportes, explica que a cantidade da proposta se mantén en 7.200 euros. Propóñense 40 bolsas de estudo para educación infantil, de 60 € cada unha, e outras 40 de 120 € para outros estudos. Se non se cubrise o número de solicitudes nalgún apartado, se podería completar outro.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, formula unha pregunta, que se refire a cando se valora estar matriculados nun centro escolar. Quere saber se este centro escolar ten que ser do municipio de Cambre ou doutro, e se isto varía a puntuación.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que se valora tanto se o centro está en Cambre como se non, pois os centros de FP, na súa maioría, están noutros concellos, por tanto, con que o solicitante estea empadroadado en Cambre, xa valería.

Don Juan Antonio Fernández López di que lles parece ridícula a cantidade que se oferta de 60 € que é moi pouco.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que esta suma é o custo dos libros escolares en educación infantil.

O Sr. Fernández López sinala que cre que habería que xestionar o diñeiro doutro modo, para que realmente sexa un mínimo de axuda, pois, tal e como está, cre que o cálculo non está moi ben.

O Sr. López Lisnier responde que non se trata de gastos de material, senón de sufragar o custo dos libros de educación infantil, que é realmente ese.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta cantos solicitantes houbo o ano pasado e a cantos lles foron concedidas as subvencións.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que neste momento non o sabe, pero que llo dirá.

O Sr. Cubeiro Martínez pregunta se son suficientes 40 bolsas de estudo para educación infantil.

O concelleiro de Educación responde que si, que o ano pasado incluso sobraron.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases de bolsas de estudo para o curso 2008-2009.

Segundo: Autorizar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2008 403 422 481 “bolsas de estudo” do orzamento municipal.

Terceiro: Comunicar a resolución aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.

Cuarto: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tiraxe da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

3º Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de agosto actual.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Cultura e Deportes, sinala que, como se ve no informe, hai unha serie de cambios respecto do ano anterior. O primeiro é de modificación do nome do CEIP Graxal por Portofaro, e a inclusión do Emilio González López, no cal outros anos non se solicitara. Modifícanse o número mínimo e máximo de alumnos que pasan a ser entre 13 e 26 por grupo, cando antes era entre 15 e 22.

Di que se modifica tamén o ratio camareiro-monitor respecto do número de alumnos, que pasa a ser de 1 camareiro/a por cada grupo de ata 35 alumnos, 2 de 26 a 71 e 3 de 72 a 104; e

2 monitores por cada grupo de ata 26 alumnos, 3 de 27 a 40, 4 de 41 a 65 e 5 de 66 a 104. Isto débese a que, ás veces, se había incidencias, notábase a falta de monitores.

Continúa dicindo que se modifica de novo o número máximo de alumnos/as por grupo, e a documentación a presentar, e a estes efectos dá lectura aos apartados do informe emitido pola animadora deportiva que tratan sobre estes aspectos. Di que a modificación se debe a que, ás veces, o que cubría a documentación non era o pai ou titular da conta. Tamén se variou a comisión de baremación, porque se cambiou a concellería específica por unha designación xeral, e a continuación dá lectura á nova composición da comisión de baremación.

Conclúe dicindo que outra modificación consiste en que, en lugar de ter en conta a renda per cápita, vaixe ter en conta o emprego.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que lle parece máis que lóxico que se modifique esta ordenanza, porque ten lagoas e outros temas pouco claros, como o diferenciar no caso de familias monoparentais con emprego ou non. Pregunta se cando se fala do número de alumnos, entre 13 e 26, se isto significa en cada centro.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que así é, ao que o Sr. Fernández López pregunta por que se fala dun camareiro para cada 35 alumnos, se os grupos non superan os 26. O Sr. López Lisnier responde que isto se refire ao momento do almuerzo, que o trae un catering, e os camareiros son á parte e ademais dos vixilantes.

Don Juan Antonio Fernández López pregunta de que concellería depende na actualidade este programa.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que da Concellería de Educación.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que está ben actualizar a ordenanza, e ademais alégralle ver que parece que haberá nenos que o soliciten en Brexo. Ao seu parecer, a ordenanza non ten lagoas, aínda que está ben actualizala, por exemplo, coa aplicación do IPREM, que é máis adecuado. Di que efectivamente chama a atención o das familias monoparentais con traballo ou non, que son puntuadas en ambos casos con sete puntos, pero que iso tiña unha razón de ser cando se elaborou por primeira vez a ordenanza, que era apoiar ás familias monoparentais, tanto se tiñan traballo coma se non, outorgando en ambos casos a mesma axuda. Iso non foi ningunha lagoa. No ano 2008, falar de familias monoparentais como colectivo a apoiar resulta algo absurdo, xa que hoxe en día todos entenden esa circunstancia, pero antes non era

así, e había que explicárllo á xente, dicirlles que se atopan ante novos modelos sociais que algúns pretendían promover.

Ante esta exposición do Sr. Iglesias, don Juan Antonio Fernández López responde que, nese caso, lles felicita por iso.

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 2, apartado 1, 3 e 4; o artigo 5, apartado 1 e 2; o artigo 7; o Anexo I, apartado 2º e 3º e o Anexo II da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contados no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

Art.2.- Prestación dos servizos.

1.- Os servizos que comprende o “Programa Mañanceiro” prestaranse, de luns a venres, en días lectivos, nos seguintes centros:

- CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás: un grupo de escolares, en un periodo de estancia de 2,5 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre: un grupo de escolares, nun periodo de estancia de 2 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Emilio González López de Brexo-Lema: un grupo de escolares, nun periodo de 2 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Portofaro: un grupo de escolares, nun periodo de 1,5 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Graxal II: un grupo de escolares, nun periodo de 1,5 horas antes do comezo do horario escolar.

O número de grupos de escolares poderá aumentar en función da demanda existente para cada curso escolar.

2.- Comezará a partires das 7:30 horas da mañá, coa apertura do centro educativo, e rematará co comezo do horario escolar establecido en cada centro.

3.- O número de alumnos/ as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo e o número máximo de 26. Non obstante, se nun centro houbera máis demanda, e existiran posibilidades económicas por non levarse a cabo o programa nalgún centro dos previstos, poderíase aumentar este número máximo de alumnos.

4.- Os servizos serán prestados polo seguinte persoal:

- Un camareiro/ a por cada grupo de ata 35 alumnos, 2 de 36 a 71 e 3 de 72 a 104.

- Dous monitores por cada grupo de ata 26 alumnos, 3 de 27 a 40, 4 de 41 a 65 e 5 de 66 a 104.

- Un coordinador/ a do programa.

- No suposto de ter un alumno/ a con necesidades educativas especiais e como consecuencia dunha valoración técnica municipal, existirá un monitor de apoio especializado.

Art. 5.- Tramitación de acceso aos servizos.

1.- Os servizos do programa serán prestados polo Concello de Cambre por instancia dos interesados, e establécese un prazo de inscrición que será dende a segunda quincena do mes de xuño ata a primeira quincena do mes de xullo do curso escolar anterior ao da posta en marcha do novo servizo.

Non obstante, poderá presentarse solicitude con posterioridade, durante a duración do curso escolar, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnos/ a, o solicitante sería incluído na lista de espera.

En cada curso escolar deberase solicitar de novo a praza para participar no programa.

2.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela fotocopia da seguinte documentación, que será compulsada no momento de entregala para o que deberase amosar os orixinais:

a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:

- Título de familia numerosa
- Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) ou outros que sexa necesario ter coñecemento deles por parte do Concello de Cambre, achegarán informe médico onde se recollan.

b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requerimento dende o Concello de Cambre:

- Libro de familia.
- Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
- Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria, segundo modelo que se achega.

Se se dese o caso:

- Certificado de minusvalía do participante e informe médico.

- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.

AUTORIZACIÓN BANCARIA

D./ Dna.: _____ con DNI: _____ como titular da conta bancaria número:

Nº CC: _____/ _____/ ____/ _____

autorizo a domiciliación dos recibos do Programa Mañanceiro para o curso escolar 20__-20__ do Concello de Cambre.

Asinado: _____

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes que prazas, requiriráselles aos interesados para que no prazo de 10 días presenten a documentación á que se fai referencia no punto dous b, do presente artigo coa indicación de que, se así non se fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución en tal sentido.

Art.7.- Comisión de Baremación:

A todas as solicitudes recibidas aplicarase un procedemento de estimación. Para tal fin constituirase unha comisión de seguimento composta por:

- O/ A Concelleiro/ a da Área de quen dependa o Programa Mañanceiro.
- O/A Concelleiro/a de quen dependa o Programa Mañanceiro.
- O/A Director/a do Centro Escolar de Educación Infantil e Primaria correspondente.
- O/A Presidente/ a da ANPA ou membro en quen delegue.
- O/ A funcionario/a responsable do programa.

Os acordos tomaráanse por maioría simple e resolverá, en caso de empate, o Concelleiro da Área.

ANEXO I

Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión no Programa Mañanceiro:

1º.- Situación socio – familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Familia monoparental (pai, nai, ou titor legal)	6
Familia numerosa:	4

Por discapacidade física, psíquica ou sensorial do participante.	3
Familia formada por pai e nai.	2
Calquera outra situación socio-familiar que sexa susceptible de valoración.	1

2º Situación laboral-familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Familia monoparental en situación de desemprego ou emprego	7
Pai ou nai en situación de emprego (cada un)	3
Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un)	3
Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un)	3

3º.- Situación económica, tendo en conta a renda anual da unidade familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (iprem).	8
Ingresos superiores ao iprem e inferiores ao duplo deste indicador	7
Ingresos superiores ao duplo do iprem e inferiores ao triplo deste indicador.	6
Ingresos iguais ou superiores ao triplo do iprem.	5

4º - Permanencia no programa:

SITUACIÓN	PUNTOS
Por permanencia do alumno/ a no programa no curso anterior (todo os meses e días da duración do programa)	5

ANEXO II

INSCRICIÓN

1.- DATOS DO NENO/A

APELIDOS.....
 NOME.....
 Rúa ou praza.....Nº.....Piso.....
 Municipio.....C.P.....Teléfono.....
 Outros teléfonos.....C.electrónico.....
 Centro Escolar.....Curso.....Data de nacemento.....

2.- DATOS FAMILIARES

Pai, Nai ou titor.....

DNI.....

3.- DATOS DO PROGRAMA MAÑANCEIRO

Horario de entrada: 7:30.....
8:00.....
8:30.....

Tempo de solicitude: Un mes.....
Todo o curso....
Días soltos: _____ No mes de: _____

Almorzo: Si....
Non....

Accede ás reducións segundo o baremo presentado no reverso da folia

Solicita redución do 30%....
Solicita redución do 100%..
Familia Numerosa

Tarifas:

CENTRO	CON ALMORZO		SEN ALMORZO	
	Mes completo	Días soltos	Mes completo	Días soltos
W.FDEZ. FLÓREZ CAMBRE				
GONZALO T. BALLESTER DE SIGRÁS				
O GRAXAL				
PORTOFARO				
EMILIO G. LÓPEZ DE BREXO-LEMA				

FAMILIA NUMEROSA: _____

NON EMPADROADO: _____

Número de conta bancaria (20 díxitos)

_____/_____/_____/_____

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela fotocopia da seguinte documentación, que será compulsada no momento de entregala para o que deberase amosar os orixinais:

- a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:
- Título de familia numerosa

- Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) ou outros que sexa necesario ter coñecemento deles por parte do Concello de Cambre, achegarán informe médico onde se recollan.

b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requerimento dende o Concello de Cambre:

- Libro de familia.
- Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
- Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria, segundo modelo que se achega.

Se se dese o caso:

- Certificado de minusvalía do participante e informe médico.
- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.

AUTORIZACIÓN BANCARIA

D./ Dna.: _____ con DNI: _____ como titular da conta bancaria número:

Nº CC: _____/ _____/ ____/ _____

autorizo a domiciliación dos recibos do Programa Mañanceiro para o curso escolar 20__-20__ do Concello de Cambre.

Asinado: _____

Cambre,.....de..... de 200...

Sinatura (pai/ nai/titor)

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contados no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

4º Rogos e preguntas

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 10616 o 23 de agosto actual.

1ª As obras da Escola Municipal de Música. Solicitamos que se informe do control da execución da obra e dos trámites realizados diante do GAL do plan PRODER para non perder a subvención concedida.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, responde que con data 14 de agosto de 2008, do rexistro de saída da Asociación GAL Terra das Mariñas, comunicouse ao concello que AGADER concedera unha prórroga ata o 31 de agosto de 2008. Con data 22 de agosto de 2008, mediante Resolución de Alcaldía, solicitouse unha nova prórroga ata o 15 de outubro de 2008, con base ao cronograma baseado no plan de obra remitido pola empresa concesionaria Espina Obras Hidráulicas, S.A., e ao informe do aparelador municipal de data 21 de agosto de 2008.

Conclúe dicindo que mañá día 27 de agosto se enviará ao GAL a certificación da Resolución de Alcaldía do día 22, e que nestes momentos as obras se están realizando.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que agarda que lle fagan caso. E di que, respecto da execución, parece que vai avanzando, pero que quere saber se hai métodos de control sobre ela.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que o director da obra así o certifica.

2ª Sobre as subvencións da Deputación Provincial para investimento, actividade cultural e para a Rede de actuacións culturais. Solicitamos que o goberno municipal informe sobre o estado das subvencións concedidas a este concello pola Deputación Provincial nas convocatorias de 2006 e 2007 para investimentos en Cultura, para actividade cultural e para financiar as actuacións da Rede Cultural Provincial.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, comeza a súa resposta referíndose ás subvencións para investimentos. Di que no ano 2006 houbo unha subvención para o edificio da Escola de Música de 17.972,41 € que se xustificou o 31 de outubro de 2007, e a subvención foi rexeitada porque o 30 de decembro do 2006 se concedera unha axuda polo Grupo de Acción Local Terra das Mariñas, por importe de 199.313,22 €. Había que xustificar o 50%, como as obras non estaban comezadas, foi imposible xustificala, e a

subvención se penalizou. Agarda que a do 2007 se manteña, pois está prorrogada ata outubro de 2008.

Continúa dicindo que respecto das actividades culturais, a Deputación subvencionou en 2006 o certame de pintura con 17.990,22 € e un prazo de xustificación ata o 31 de xullo de 2007. Di que se fixeron todos os trámites, que se pagou sen problemas e se ingresou en outubro de 2007.

Respecto da Rede Cultural da Deputación, no ano 2006 había un custo total de actuacións artísticas de 34.378 € dos cales a Deputación achegaba 20.396,60 € e o concello 13.981,40€. O prazo de xustificación era ata o 31 de xullo de 2007, e realizáronse os trámites pertinentes para iso.

Respecto da solicitude de subvencións para actividades culturais 2007, di que hai unha subvención concedida de 17.975,10 € o prazo de xustificación foi ata o 31 de xullo de 2008 e xa están efectuados os trámites.

Na Rede Cultural da Deputación 2007, sobre un importe de 37.168 € a Deputación pon 21.791,60 e o concello 15.376,40 € Está presentada a xustificación o 13 de marzo pasado, e están á espera de que se ingrese.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que agarda que estes datos se lle dean por escrito, mesmo a través da súa constancia na acta da comisión. Quere sinalar que é unha mágoa que a Deputación rexeitase a subvención de 17 mil e pico euros, correspondente ao ano 2006, para a Escola de Música, debido a un atraso das obras. É unha mágoa, pero se acaba confirmando a perda dunha subvención. Di que menos mal que non se trata da máis grande. Non obstante, quere dicir que, segundo lle informa o seu grupo na Deputación, as subvencións da Rede cultural teñen minoracións nos importes concedidos, polo que parece que a Deputación se volveu atrás nalgunha das subvencións da Rede cultural.

Dona Erundina Prado Arcay responde que o que pasou foi que unha actuación que estaba prevista inicialmente foi cambiada por outra de menor importe, debido a enfermidade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, segundo os seus datos, a Deputación avisou ao concello de posibles sancións, porque unha subvención que se cobrou por anticipado e hobuo que devolver diñeiro.

Dona Erundina Prado Arcay responde que se trata dunha diferenza de 500 € que se produciu, como explicou antes, por un cambio a unha actuación máis económica. De feito cre que ela e o Sr. Iglesias están falando do mesmo tema.

O voceiro do BNG di que solicitará ao seu grupo na Deputación que lle aclare o tema.

Don Erundina Prado Arcay di que cre que se trata de que na Rede cultural 2006, a suma non totalizou os 20.396,60 € de achega provincial porque unha das actuacións non se realizou por un problema de saúde dun dos componentes, xurdindo unha diferenza de 504,70 €

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e quince minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria accidental dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Francisco Javier Varela Tejedor

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria accidental

Mª Fernanda Montero Carré